

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AE	<i>Expediente</i> CON/74/2014	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:20

Número 11 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do "Servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela, á empresa TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP." (CON/74/2014).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 03 de xullo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 11 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO "SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS TRUNKING DE VOZ E DATOS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, Á EMPRESA TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP." (CON/74/2014).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 19 de xuño de 2015, da xefa de servizo de Contratación e Servizos Comunitarios, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia; así como do informe favorable da técnico de Intervención que conta co conforme da Viceinterventora Municipal, número 2015/456, de data 30.06.2015.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: *Servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela*

ASUNTO: *Adxudicación do contrato a TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP.*

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AE	<i>Expediente</i> CON/74/2014	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:20

Primeiro: Con data 20 de abril de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador **TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP.**

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 20 de abril, requírelle para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 26 de maio celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de 20 de abril, procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP.**, por un importe de **16.244,88 euros/ano** (IVE aparte 21%:3.411,42 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13200 21300**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 9.828,15 euros.
Anualidade 2016: 19.656'30 euros.
Anualidade 2017: 9.828,15 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AE	<i>Expediente</i> CON/74/2014	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:20

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP.**, por un importe de **16.244,88 euros/ano** (IVE aparte 21%:3.411,42 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13200 21300**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2015: 9.828,15 euros.
Anualidade 2016: 19.656'30 euros.
Anualidade 2017: 9.828,15 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

